



***Os galegos retornan con dúas meritorias medallas de bronce do
Campionato de España de San Huberto***

Os pasados 8 e 9 de setembro tiña lugar en Cieza (Murcia) a vixésimo sexta edición do Campionato de España de Caza San Huberto, organizado pola Real Federación Española de Caza en colaboración coa Federación de Caza de Murcia.

A nosa comunidade contaba con importante representación nas tres categorías nas que se disputaba a proba: masculina, feminina e springer, sendo nestas dúas últimas onde se acadaron as mellores puntuacións.

Na categoría feminina, a nosa representante Nicolasa González Carrodegua remataba no terceiro posto da clasificación, co seu drahthaar 'Alo'. Quedaba por detrás da vasca Edurne Burutarán co seu griffon 'Paro', que se proclamaba Campiona e da tamén vasca e última campiona Modesta Iraola que participaba co seu P.M. 'Mayo de Belkoain'.



Podium feminino



David Andrew recibindo o seu trofeo

En springers conseguía tamén o terceiro posto o noso representante David Andrew Hawatson con 'Júpiter'. O Campión nesta categoría era Julián Olaya de Castela A Mancha con 'Fusi' e segundo o madrileño Miguel Fornell con 'Futre'.

Mentres, na categoría masculina os resultados galegos foron mais discretos, sendo o mellor posto o conseguido por Eloy Rodríguez Martínez co seu P.M. 'Rex', que remataba no décimo terceiro posto. Nesta categoría remataba Campión o representante da Comunidade Valenciana Vicente Liarde que competía coa súa S.I.H. 'Traca'; segundo era o catalán Raul Borrella coa P.H. 'Anda'; e no terceiro posto quedaba o murciano Sebastián Martínez coa P.H. 'Silva'.

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com